CONCELLO GOMESENDE
29 OCT. 2015
SAIDA 307

# CONCELLO DE GOMESENDE

32212 Sobrado, nº 1 Gomesende - Ourense
Teléfono: 988 485000 / Fax: 988 485001

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE
REXISTRO XERAL
-4 NOV 2015
N.º ENTRADA 31969
N.º SAIDA

***DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE***
***R/ Progreso, 32***
***32003. Ourense***

Asunto: CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN ENTRE A DIPUTACIÓN DE OURENSE E AS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA.

Achégase Acordo de adhesión do Concello de Gomesende ao Convenio de referencia.

Gomesende, 29 de outubro de 2015.

Asdo Pura Rodríguez Álvarez
Alcaldesa do Concello de Gomesende.

**Gomesende a 28 de Outubro de 2015**

**YOLANDA ORTEGA OTERO,**
**SECRETARIA DO CONCELLO DE GOMESENDE**

**CERTIFICO:**

Que o Pleno deste Concello, na sesión ordinaria da data indicada, adoptou o acordo do tenor literal seguinte, tal e como resulta da minuta da acta da sesión a cal me remito, polo que esta certificación expídese coa advertencia e salvedade a que se refiere o artigo 206 do R.O.F:

**28 de Outubro de 2015**
**PLENO ORDINARIO**

**CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN ENTRE A DIPUTACIÓN DE OURENSE E O CONCELLO DE GOMESENDE EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA**

Visto o acordo adoptado polo Pleno da Deputación Provincial de Ourense, en sesión ordinaria do día 25 de setembro de 2015, sobre o convenio marco de cooperación entre a Diputación de Ourense e as entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública.

O convenio pretende a cooperación en materia de publicidade activa mediante encomenda de xestión á Deputación Provincial para o cumprimento das obrigas de transparencia activa das entidades locais adheridas, así como as solicitudes de acceso á información pública a través do Portal de Transparencia de Ourense.

A adhesión do Concello de Gomesende ó presente convenio marco implica a tranferencia á Deputación Provincial de Ourense do exercicio, en réxime de encomenda de xestión, da actividade material de publicación no Portal de Transparencia de Ourense da información propia do Concello sinalada nos artigos 6,7 e 8 da lei 19/2013 de 9 de decembro.

De acordo co artigo 47.2.h) da lei 7/1985 de 2 de abril, a encomenda da xestión requerirá o acordo do Pleno por maioría absoluta do número legal de membros, polo que propoño ó Pleno a adopción do seguinte

**ACORDO:**

**Primeiro:** Aprobar a adhesión do Concello de Gomesende ó Convenio marco de cooperación da Deputación de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública.

**Segundo:** Transferirlle á Deputación Provincial de Ourense, en réxime de encomenda de xestión, o ejercicio das actuacións materiais de publicación no Portal de Transparencia de Ourense da información prevista nos artigos 6,7 e 8 da Lei 19/2013 de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, nos termos previstos en dito convenio.

**Terceiro:** Designar como persoa responsable da execución do convenio a Yolanda Ortega Otero, secretaria municipal. Non obstante o anterior, facúltase expresamente á Alcaldesa para a súa substitución, así como para o nomeamento de suplentes, dando conta ó Pleno.

E para que conste e surta efectos, expido a presente de orde e co visto e prace da Sr. Alcaldesa - Presidenta, en Gomesende na data arriba indicada.

| VISTO E PRACE<br>A ALCALDESA | A SECRETARIA |
|---|---|
| Asdo.: Pura Rodriguez Álvarez | Asdo.: Yolanda Ortega Otero |



http://www.localtex.com